



# SIGNOS DE ALARMA NO DESENVOLVEMENTO DA LINGUAXE E A COMUNICACIÓN

## 3-6 ANOS



### **3-4 anos**

- Non produce frases de 3 ou mais palabras.
- Non usa adxectivos ou pronomes.
- Cústalle falar de feitos que ocorren no seu día a día ou nese momento.
- Non comprende preguntas tipo Q (que, quen, onde...).
- Non comprende nin realiza instrucións sinxelas ('colle o coche e déixao na mesa')
- Frústrase en situacións comunicativas e pode chegar a enfadarse.

### **4-5 anos**

- Intelixibilidade afectada, non ten adquiridos os fonemas que debería ter por idade.
- Non realiza nin responde a preguntas tipo Q.
- Non é capaz de narrar contos ou feitos que ocorren noutras contornas.
- Non é capaz de manter pequenas conversacións co adulto.
- Vocabulario limitado.
- Evita situacións sociais e que impliquen linguaxe e/ou comunicación.

### **+5 anos**

- Non é quen de manter conversacións co adulto.
- Dificultades na comprensión e na expresión.
- Cústalle atopar as palabras que necesita.
- Frústrase ante tarefas ou xogos que precisen de expresión oral.
- Enfádase cando os xogos implican a comprensión de instrucións.
- Evitación e dificultade na socialización con iguais.

**É importante coñecer estes signos de alarma para actuar canto antes.**

**A atención temperá é esencial para o correcto desenvolvemento da linguaxe das crianzas que teñan ou poidan ter risco de presentar dificultades para a adquisición da súa linguaxe.**

